



MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DA MAREA ATLÁNTICA, A INSTANCIAS DAS MARCHAS DAS DIGNIDADE, DE APOIO Á MOBILIZACIÓN CONVOCADA PARA O DÍA 25 DE FEBREIRO NA CORUÑA.

Ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico da EXCMA Deputación Provincial da Coruña, o Grupo Provincial de Marea Atlántica, a instancias das Marchas da Dignidade, presenta a seguinte moción para a súa aprobación na sesión plenaria ordinaria do 24 de Febreiro de 2017.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Marchas da Dignidade somos un movemento social que en Galicia aglutina no seu seo a máis de sesenta organizacións e colectivos sindicais, culturais, sociais e políticos do País. As MMdD levamos máis de tres anos mobilizándonos na rúa para esixir o remate das políticas que agreden á maioría social golpeada pola chamada crise.

As MMdD diríxense ao grupo provincial da Marea Atlántica para presentar esta moción no Pleno Provincial coa intención da súa aprobación previa deliberación. Esta corporación provincial é consciente da situación dramática que están a padecer as persoas maiores que dependen dunha pensión para poder vivir despois de toda unha vida de traballo.

Dada a situación dramática de moitas familias, a pensión é o único sustento que teñen para poder sobrevivir cunhas mínimas condicións, e estamos vendo como se poñen en perigo con medidas impostas desde organismos antidemocrático como o FMI eo Banco Mundial a través da Troika Europea.

Nas Marchas da Dignidade pensamos que estas medidas teñen como obxectivo favorecer ás entidades que ofrecen plans de pensións privados, e queremos recordar que as pensións non son privilexios, son dereitos irrenunciabes.

Por este motivo, e pola situación actual, convocamos unha manifestación o día 25 de febreiro na Coruña co tema central da defensa das pensións, e coas nosas reivindicacións habituais resumidas en pan, traballo e teito.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Esta corporación apoia a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 24 de outubro na Coruña e fai un chamamento á cidadanía a participar na mesma.